

AER tacha de "despilfarro" o exceso de gasto do Concello de Redondela no Entroido de Verán

Denunciamos o abandono e a manipulación do goberno local con eventos de gran valor cultural como a representación da Batalla de Rande

AER, despois da realización no pasado mes de agosto dunha nova edición do Entroido de Verán, leva semanas facendo seguimento das facturas e dos gastos dos que vai tendo constancia en referencia a este evento. Como o goberno local traballa sen ningún tipo de planificación económica ao respecto, ou sexa, non existe orzamento previo do custe do Entroido de Verán, o labor para poder coñecer o gasto total e real do Entroido do Verán é unha tarefa ardua e complexa para os grupos da oposición. Como noutros casos, a transparencia en canto gastos en eventos é moi escasa.

CONCEPTO	EUROS
Pantalla, xeradores, camerinos e vallas	10.224,50
Actuación de Georgie Dann	21.659,00
Escenario, son e iluminación Georgie Dann	14.713,60
Limpeza e retirada de lixo das rúas do centro	3.049,20
Gala Drag Queens	1.694,00
Actuación de Broken Peach (unha hora)	1.452,00
Carteis, acreditacións, cheques, Facebook, vídeo,...	1.210,00
Aluguer de vallas e pés de formigón varios e portes	762,30
Coordinación patrocinadores, colaboradores	3.726,80
Ambulancia con permanencia soporte	1.600,00
Contratación de DJ'S	1.210,00
Forfait (Aluguer, inmovilizado material)	3.351,80
Aluguer de 22 aseos químicos	3.726,80
Actividade deportiva	363,00
Horas extras	13.562,54
TOTAL gasto provisional a 11/10/2017	82.726,80

A 11 de outubro de 2017 atopámonos que a conta do gasto que AER puido constatar ascende a unha cantidade de **OITENTA E DOUS MIL SETECENTOS VINTE E SEIS EUROS**, e aínda faltan facturas por computar.

Deste xeito a Agrupación de Electores de Redondela constata como o goberno local, co seu especial concepto de cultura de calidade e de festexos descontrolados, destinou importantes recursos a **un modelo de actividades de ocio que cada ano provoca máis inconvenientes á veciñanza de Redondela** e que non obstante, para nada aumentou en calidade e racionalización dos problemas que

foron xurdindo en pasadas edicións, como é o botellón descontrolado na Alameda de Redondela.

Se este gasto se compara con diversas partidas de servizos sociais do ano pasado, a situación toma carices de grave preocupación:

Comedor escolar	13.272,53	Andaina	4.000,00
AEECC	3.000,00	Pobo Saharaui	4.450,00
Lenda	11.000,00	Da Man	3.000,00
Cáritas	15.000,00	Drogodependentes	1.666,53
Conv. Solid. Internac.	1.982,72	Xantar na casa	6.184,01
Hermanos Pobres	3.000,00	Subvencións	8.261,95
Emerxencia Social	22.921,54	TOTAL	97.739,28

Así, xa só en axudas a entidades sociais, a cantidade foi de 45.432,72€, e en Emerxencia Social no ano 2016 gastáronse por outra banda 22.921,54€. Con parte do gasto do Entroido de Verán pódense reforzar estas axudas e parte das necesidades de servizos sociais, xa sexan os cursos de alfabetización, emerxencia social, axudas ás ANPAS ou cumprir coa lexislación actual en canto á eliminación de barreiras arquitectónicas. En cultura daría para reforzar as axudas a entidades, a constitución de locais compartidos de asociacións en Redondela e en Chapela, ou en reforzar actividades e propostas de calidade no que respecta á escasa programación cultural do Concello nas parroquias.

Unha destas actividades prexudicada pola irresponsabilidade do goberno local foi a representación da Batalla de Rande, que se celebrou a pasada fin de semana no entorno do Museo Meirande. O Concello de Redondela vén co-organizando este evento cultural nos últimos anos. Despois de afirmar que o único e exclusivo camiño para salvar a Conmemoración da Batalla de Rande era acceder á chantaxe dunha modificación de crédito, e despois de que a oposición propuxera unha modificación de crédito pola cantidade exacta do custe que asume o Concello na organización do evento, e esta non fora aceptada; o goberno local, sen dar ningunha explicación, expón aos poucos días de tal afirmación, que dota de recursos económicos ao evento, confirmándose o **engano e a pouca credibilidade económica do Partido Popular nas institucións que goberna**.

O Partido Popular non presenta orzamento, gasta sen previsión, minte nos argumentos e pretende chantaxear á oposición manipulando a verdade para eludir a súa responsabilidade

Hai alguén ao temón do Concello de Redondela?

Neste boletín tentaremos explicar o que está a pasar coas últimas "modificacións de crédito" das que tanto se fala nos últimos meses en termos de "Finca da Xinaria", "Convenios" e "Batalla de Rande"; sobre todo coa última modificación de crédito que foi rexeitada dúas veces por toda a oposición. Poñámonos en situación.

1) O PP non presenta orzamentos.

Chegamos a outubro de 2017 **sen orzamentos** para este ano: o PP non tivo tempo ou capacidade para facer unha proposta de orzamento. Como consecuencia desa **incompetencia**, determinadas partidas non están orzamentadas, basicamente as que afectan a convenios. Pero ao mesmo tempo, o equipo de goberno non ten problema en ir **esgotando outras partidas**, co que se atopa na necesidade de volver dotar esas partidas, cambiando cartos dunhas para outras como viña facendo unilateralmente e tal como lle permite a lei. Só que nestes casos, precisaba do voto favorable do **pleno**.

Mentres tiveron a posibilidade de facelo **sen consultar**, fixérono **sen previsión**; e agora piden **auxilio**. Cansos de escoitar como exercen as competencias de alcaldía, pretenden agora que dotemos de orzamento certas partidas para que pasen a estar á súa disposición sen que o pleno poida exercer **ningún control** ou participar das decisións. En AER non estamos dispostos a concederlles este regalo gratuitamente. Se queren que compartamos responsabilidade, esiximos compartir control e participación das decisións.

2) Incorporacións de remanente.

Levamos xa unhas cantas "modificacións de crédito" (**MC**) que merecen ser salientadas e que teñen en común ser "incorporacións de remanente" (**IR**). Procede, antes de seguir, explicar o que significa incorporar remanentes. Son cartos que non se gastaron nun exercicio orzamentario, neste caso no ano 2016; e que se incorporan ao orzamento do ano seguinte, neste caso 2017. A señora Amoedo chámalle "beneficios"; a nós parécenos máis adecuado chamarlle "**incompetencia económica**".

Imos pararnos nunha modificación de crédito especialmente significativa, a **MC 06/17 IR** por valor de 759.009€. Por que nos fixamos nela? Porque entre os remanentes incorporados figuran 192.174€ procedentes dos famosos **créditos do**

gobierno anterior. Está visto que ten que ser AER quen chame a atención sobre as **falacias** de "boa xestión económica" deste goberno. É certo que había créditos solicitados e concedidos polo anterior goberno municipal; pero o que non din é que **gran parte deses créditos foron e son gastados polo Partido Popular**. Non os devolveron, seguen gastando eses créditos, ao tempo que os pagan. O cal parece o máis razoable: se os usas, debes pagalos. Mentres tanto, bótanlle en cara a PSOE-BNG que teñen que pagar eses créditos que estaban concedidos. **O 25,32% desta incorporación de remanente procede dos créditos do goberno anterior, a cuarta parte.**

Ano do PRÉSTAMO	CANTIDADE
2010	33.207,71 €
2009	7.290,27 €
2002 - 2004	16.658,06 €
2009	384,65 €
2009	105.626,46 €
2009	27.331,92 €
2009	1.675,51 €
TOTAL INCORPORADO	192.174,58 €

Apenas un mes despois desta incorporación de remanente, o PP leva a pleno outra modificación de crédito, MC 17/17 IR, por valor de 1.102.987,95€. Con urxente necesidade de ser aprobada, porque se non, habería que usar eses cartos (remanente que non se gastou no 2016) en amortización de préstamos. E non lle parece ao PP que esa sexa unha boa finalidade para os chamados "beneficios" de 2016. Prefiren gastalos en obras e ir pagando os préstamos pouco a pouco (mentres os usan).

Sempre que goberno local do Partido Popular nos aparece con urxente necesidade, trae **un titular para agochar a súa imprevisión, co convencemento de que mediante a chantaxe mediática vai obrigar aos grupos da oposición a pregarse os seus intereses**. Para esta ocasión o titular era: "Finca da Xinaria". Uns 500.000 euros para proxecto, dirección de obra, seguridade e realización. Que obrigatoriamente, nos contan, que deben estar iniciadas antes do 31 de decembro. Cousa que non é certa, porque de non estar iniciadas as obras eses cartos pasarían a remanente (non gastados) e poderían usarse no seguinte ano.

Nese pleno de principio de setembro, estivo a piques de non conseguilo. Pero como sempre van apelando á responsabilidade, **o PSOE permitiulles sacar adiante esa incorporación de remanente de máis de un millón de euros para que procedan a usalos segundo lles pareza ao PP.** Porque compromiso asinado non hai ningún.

MC 17/17 IR	1.102.987,95€
Coa desculpa da finca da Xinaria, o PP dispón de máis de un millón de euros para uso de libre disposición	

Total de incorporacións de remanentes que leva o goberno local do PP neste ano 2017:

INCORPORACIÓNS DE REMANENTE 2017	
MC 06/17 IR	759.009€
MC 09/17 IR	335.385€
MC 10/17 IR	10.787€
MC 17/17 IR	1.102.987€
TOTAL	2.208.168€

3) Modificacións de crédito. Por que vai facer un orzamento o PP se pode gobernar con modificacións de crédito?

Chegamos a setembro e atopámonos con outra proposta de modificación de crédito. Para este caso, o goberno local do Partido Popular trae como **bandeira os convenios**. "Por culpa dos convenios" quedaron sen fondos na bolsa de gasto "3-2"; cando a realidade é que quedaron sen fondos nesa bolsa de gasto do orzamento porque **gastaron sen xeito, sen criterio e sen previsión**.

BOLSA DE GASTO "3-2" DO ORZAMENTO 2016 PRORROGADO PARA O 2017		
PARTIDA	CONCEPTO	PRESUPOSTADO
3111A	Protección da salubridade pública	26.700,00
3121A	Hospitais e centros de saúde	24.500,00
3231A	Ensino	792.000,00
3261A	Conservatorio	35.900,00
3301A	Administración xeral da cultura	69.400,00
3321A	Biblioteca pública de Redondela	15.297,13
3321B	Axencia de lectura de Chapela	6.202,87
3331A	Aula de interpretación de Rande	50.000,00
3341A	Promoción da cultura	512.400,00
3341B	Normalización lingüística	23.900,00
3411A	Promoción e fomento do deporte	41.701,28
3421A	Instalacións deportivas	146.800,00
3421B	Piscina de Redondela	110.000,00
	TOTAL	1.854.801,28

Unha bolsa que contaba cunha dotación de 1.854.801 €, veñen a contarnos que está esgotada porque se asinaron uns convenios que, malamente chegan a 80.000 €. Mentres o PP non quere contar que nesa bolsa, dentro da área de gasto chamada "3381A" de "Festas e festexos", levan moitos máis gastos ca eses, sen que esa área estivera orzamentada. **Recordamos que non hai orzamento para 2017 porque nin se presentou.**

E recordemos que desta bolsa, da que din esgotada, **saíron 66.600€ para o Entroido de Verán**. Unha bolsa que comprende diferentes áreas de gasto e que poden ver na táboa anterior.

A verdade, o que non conta o PP, é que o desfase ven máis motivado polos gastos que se fixeron en festas e festexos. Por máis que nos queiran vender outra cousa, os datos son os que son. **¡VÉXANOS VOSTEDS MESMOS!**

ÁREA DE GASTO 3381A - FESTAS E FESTEXOS	
CONCEPTO	GASTO
Aluguer - inmovilizado material – Festas	80.399,86
Enerxía eléctrica - Festas e festexos	464,39
Outros subministros - Festas populares	18.648,81
Atencións protocolarias	1.109,64
Publicidade e propaganda – F. populares	22.037,48
Publicacións Diarios Oficiais - Eventos	461,90
Actividades festivas	147.208,83
Gastos diversos	9.885,38
Seguridade realizada por outras empresas	911,86
Valoracións e peritaxes - Festexos	10.439,63
SALDO DE "FESTAS E FESTEXOS"	- 291.567,78
Premios participantes Entroido	8.999,99
Premios entroido Chapela	2.999,96
Subministro de palco	20.020,66
2 figuras de cabezudos Coca	568,70
Total Programa 3381A	324.157,09

Partindo de cero, nesta área de gasto de "Festas e Festexos" **chegan a incluír ata 291.567€ que sacan da bolsa "3-2"**; e se engadimos 66.600 € da mesma bolsa que sacan para o Entroido de Verán, temos máis de 350.000€.

SEGURO QUE A CULPA É DOS CONVENIOS???

O GOBERNO DO PP DE REDONDELA PRESUME DE INCOMPETENTE

Toda a oposición ofreceuse para aprobar unha modificación de crédito que dotara suficientemente os gastos da celebración da Batalla de Rande. Evento **"co-organizado"** polo Concello, pero para o que non reservou os fondos precisos. **Nun acto de irresponsabilidade, o PP negouse a aceptar dito ofrecemento de AER, PSOE e BNG.**

O señor Javier Bas e a Señora Mari Carmen Amoe do cando vaian por Rande terán que explicarlle á veciñanza onde gastaron todos e cada un dos 50.000 € da "área de gasto 3331A" dedicados a Meirande. Todos e cada un dos gastos realizados ata agora.

Causas e consecuencias, ¿como chegamos a este punto?

O goberno local de Redondela decidiu **unilateralmente** gobernar sen orzamento. Non presentou proposta algunha de orzamentos para o ano 2017, sabendo que unha das consecuencias sería deixar sen dotación certas partidas; supoñendo que o resolvería con modificacións de crédito: **gobernar en minoría como se tivesen maioría absoluta.**

Chegados a este momento, o PP di ter esgotada unha bolsa de vinculación xurídica (bolsa 3-2) por culpa dos convenios non dotados; a pesares de que dita bolsa conta cun orzamento de 1.854.801 € mentres que os convenios non dotados supoñen pouco máis de cen mil euros. Convenios que noutros anos asinaron, e pagaron, co orzamento pechado; ou sexa, no ano seguinte.

Logo, onde están os cartos da bolsa 3-2? Sen contar con datos actualizados, podemos dicir que **66.682 € do que se gastou no Entroido de Verán saíron desa bolsa.** E aínda faltan gastos por contabilizar. Salientar que un dos gastos curiosos para ese evento foi a **contratación da anterior coordinadora cultural a pesares de contar na actualidade cunha empresa contratada para a realización desas funcións.**

Pero o máis importante que non quere contar o PP de Redondela é que da Área de Gasto de **"festas e festexos"**, que sae desa bolsa 3-2, parte **cun orzamento de cero euros** e só conta cun ingreso de 20.000 € aportados pola Deputación. Nesta Área de Gasto, o goberno do PP ten autorizados-aprobados gastos por valor de 324.157,09 € e unhas obrigas de pago de 220.472,96 €. Polo que **acumula un déficit de douscentos mil euros.**

A día de hoxe, cos datos que temos, os convenios asinados non andarían lonxe dos 80.000 euros, tanto

como o gastado no Entroido de Verán; incluíndo as horas extras e a falta de coñecer a execución do terceiro trimestre.

Incluso considerando que ese gasto dos convenios fose cargado na bolsa xurídica 3-2, **sería difícil de explicar como se pode atribuír aos convenios ter baleirada unha bolsa de un millón oitocentos mil euros** (1.800.000€), que é o montante total para gastos desa bolsa. Pero en cambio si será salientable restarlle a esa bolsa máis de 300.000€ para "festas e festexos".

O PP presume da súa xestión, ou sexa: presume de non ter orzamento, presume de ter esgotada unha partida e de non ter cartos para un evento co-organizado por eles mesmos. Pero resulta que **a culpa é da oposición, que non lle deixa xogar nin un minuto máis cos cartos de toda a veciñanza ao seu antollo.**

Desde AER xa lles reiteramos no pleno anterior que non estamos dispostos a permitir que sigan gobernando como unha maioría absoluta. **Estamos cansos** de contratos negociados sen publicidade, de ver como reiteradamente se contratan as mesmas empresas, como se toman decisións unilaterais sobre moitas cuestións sen informar, como se deciden subvencións e obras sen outro criterio que *"é competencia do alcalde"* tal como teñen afirmado repetidamente nos plenos.

POIS NON. Agora a competencia sobre esta modificación de crédito é do pleno, e **se queren un acordo de pleno** que lles permita arranxar a desfeita que teñen montada **o que deben facer é sentarse e adquirir un compromiso** sobre temas como criterios para determinar as obras, procedementos para executalas e seleccionar as empresas tanto para obras coma para servizos. E atender aos reiterados requirimentos dos servizos técnicos respecto dos procedementos establecidos para os gastos. **Non se pode gastar sen previsión, sen saber como están as partidas e despois queixarse da falta de fondos.**

Gobernan en minoría e só se acordan dos demais cando precisan de que o pleno resolva as consecuencias da súa irresponsabilidade. Agora toca buscar acordos. **Rematou o tempo das chantaxes, das urxencias, das decisións por "competencia" e rematou o tempo de gobernar sen criterio e unilateralmente.**

Se queren falar das competencias do pleno, teremos que falar das competencias do alcalde.

Síguenos en



facebook.com/AERedondela



twitter.com/AER_Redondela

Correo electrónico: info@aeredondela.com

www.aeredondela.com

**BOLETIN Nº48
23 OUTUBRO 2017**